

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1410A3	<i>Expediente</i> CON/49/2019	<i>Fecha</i> 10-02-20 11:47

Número 6 .- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á adxudicación do contrato de "Subministración, instalación e posta en marcha dunha lavadora con barreira sanitaria para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela."

Destinatario

15078DCMG1410A3P



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 10 de febreiro de 2020 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 6 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁN RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA DUNHA LAVADORA CON BARREIRA SANITARIA PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA."

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 9 de xaneiro de 2020, do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2020/47 de data 6.2.20; no que se fai constar que existe un erro na aplicación orzamentaria que figura na proposta, sendo a correcta a que consta no dito informe.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

"Gonzalo Muñíos Sánchez, concelleiro delegado de mobilidade, seguridade cidadán e Festas, e presidente da mesa de contratación da licitación "Subministración, instalación e posta en marcha dunha lavadora con barreira sanitaria para o servizo de extinción de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1410A3	<i>Expediente</i> CON/49/2019	<i>Fecha</i> 10-02-20 11:47

incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019,

EXPÓN:

Primeiro: Con data 26 de novembro de 2019, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador M. MATOS Y R. BECERRA SL.

Segundo: Con data 9 de xaneiro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado nas correspondentes mesas de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Primeiro: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas BOAYA SL, MP DICLESA SL e ALLIANCE LAUNDRY SYSTEMS SPAIN, xa que non se axustan as especificacións de dimensións establecidas no prego técnico de aplicación.Segundo: Adxudicar o contrato de referencia á empresa M. MATOS Y R. BECERRA SL (CIF: B15769060), por un importe de **31.400 euros** (IVE aparte 21%: 6.594 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Designase como técnico municipal director responsable do contrato a Manuel Sanmartín Chao, xefe do Servizo de Extinción de Incendios.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 060 13600 63300 **Existe cofinanciación: UNESPA A: 2018 3 UNESP 19 1."**

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Primeiro: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas BOAYA SL, MP DICLESA SL e ALLIANCE LAUNDRY SYSTEMS SPAIN, xa que non se axustan as especificacións de dimensións establecidas no prego técnico de aplicación.Segundo: Adxudicar o contrato de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG14I0A3	<i>Expediente</i> CON/49/2019	<i>Fecha</i> 10-02-20 11:47

"Subministración, instalación e posta en marcha dunha lavadora con barreira sanitaria para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela" á empresa M. MATOS Y R. BECERRA SL (CIF: B15769060), por un importe de 31.400 euros, (IVE aparte 21%: 6.594 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato a Manuel Sanmartín Chao, xefe do Servizo de Extinción de Incendios.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 060 13600 63300 UNESP 19 1.

O CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO



Asdo: Gumerindo Guinarte Cabada

